



Concello do Grove

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Como consecuencia do cambio nas condicións da concesión do mercado municipal (dende o 27/09/2017) produciuse un incremento moi notable nas tarifas aplicadas por Portos de Galicia por este concepto.

A liquidación do canon por ocupación do mercado no primeiro semestre do 2017 ascendeu a 4.083,81 € mentres que no primeiro semestre do 2018 dito importe foi de 12.687,14 €.

Esta circunstancia, xunto co feito de que a ordenanza de mercados non se actualiza dende o exercicio 2002, determina que resulte necesario unha actualización das tarifas a aplicar, propoñéndose un incremento do 2%, e a pesares de que resulta unha porcentaxe moi baixa en comparación co incremento aplicado por Portos.

Ademais, e para unha maior eficiencia, o cobro da taxa realizarase trimestralmente enviando os recibos ós domicilios declarados polo contribuíntes por correo ordinario.

Á vista do exposto, esta Alcaldía ten a ben propoñer que, previo ditame da Comisión Especial de Contas, o Pleno da Corporación adopte o acordo de **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS NOS MERCADOS MUNICIPAIS** que quedaría redactada nos seguintes termos:

Artigo 1º. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polo artigo 133.2 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 20 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa por Prestación de Servicios en Mercados Municipais, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do Servicio Municipal de Mercados, tanto dentro do edificio como o aire libre.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos.

1.-Son suxeitos pasivos, en calidade de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, nas que no seu favor foran otorgadas as licencias, ou quen se beneficien do servizo se este fora utilizado sen previa licenza, tal como dispón o Regulamento Municipal dos Mercados.

2.- Terán a consideración de suxeito pasivo, en calidade de sustituto do contribuínte, o usufrutuario, arrendatario ou quen utilice o servizo, locais ou instalacións destinados para estes fins.

Concello do Grove



Concello do Grove

Artigo 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Beneficios fiscais.

Soamente se admitirán nesta taxa as exencións e bonificacións que veñan establecidas en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 6º. Cota tributaria.

A tarifa desta taxa será a que figura no anexo desta Ordenanza que responde a unha cantidade periódica según a superficie da concesión e o tipo de venta que se realice.

Artigo 7º. Devengo.

1º.-Devéngase a taxa, e nace a obrigación de contribuír, dende o momento en que se conceda a autorización para utilización dos espazos ou instalacións dos recintos, sean abertos ou cerrados, establecidos para a venta de produtos nos Mercados Municipais.

No caso en que a utilización dos espazos ou instalacións se produza sin autorización previa, nace a obrigación de contribuír dende o momento en que aquel se house producido, sen prexuízo das sancións a que dera lugar.

2. Unha vez sexa concedido ou utilizado o servizo as cotas devengarase mensualmente o primeiro día do período que sinala a tarifa da taxa, ou se é o caso, na data que se realice o feito imponible.

Artigo 8. Liquidación e periodo impositivo.

1. O periodo impositivo coincidirá cos establecidos no anexo a presente Ordenanza donde se establecen as tarifas para cada tipo de venta.

2. A liquidación de alta da taxa realizarase pola aplicación da tarifa establecida no anexo sobre os metros de ocupación, tipo de venta e periodos ós que se refira, e notificarase individualmente, seguindo o procedemento de ingreso establecido no Regulamento Xeral de Recadación.

3. Unha vez producida a alta no correspondente padrón a liquidación e ingreso desta taxa acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón), que se realizará durante os periodos do cobranza establecidos pola Alcaldía. O padrón terá carácter trimestral.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



Concello do Grove

ANEXO A ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIONS DE SERVICIOS EN MERCADOS MUNICIPAIS

TARIFAS

CONCEPTOS	EUROS
A) Por postos de venta nos mercados semanais fora do recinto do inmoible do mercado.	0,767 Eur/m2/día
B) Por postos de venta de flores, prantas e similares debaixo ou a carón dos arcos do mercado	0,920 Eur/m2/día
C) Por postos de venta de queixos, embutidos, hortalizas, froita, peixes e mariscos nas bancadas interiores do mercado.	0,644 Eur/m2/día
D) Por postos de venta de carnicerías, peixes, e conxelados nas casetas interiores do mercado	5,211 Eur/m2/mes
E) Por postos fixos de froita, hortalizas e similares nas casetas interiores do mercado	5,211 Eur/m2/mes

O cobro da taxa realizarase trimestralmente mediante a aprobación do correspondente padrón fiscal.

*No caso do mercadillo (letras A e B) a taxa liquidarase en función dos venres hábiles.

*Respecto as bancadas (letra C) liquidarase 22 días ao mes.

*Para os posto do mercado (letras D e E) considéranse 30 días ao mes.

O Alcalde: Jose Cacabelos Rico.

Documento asinado dixitalmente á marxe.